

POEMAS BESTAS E OUTROS BECHOS

Textos de LEIRE BILBAO

Ilustracións de MAITE MUTUBERRIA

Tradución de ISAAC XUBÍN

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 72 páx. 16 €

[Poemas bestas e outros bechos](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-104-8. Poesía ilustrada.

[Bestiapoemas y otros bichos](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-105-5. Poesía ilustrada.

[Bèsties, poemes i altres bitxes](#) (català)

ISBN 978-84-18558-23-8. Poesía.

Cando a Terra se fixo Terra

os que tiñan voz calaron

e os que non a tiñan falaron...

[Fragmento do poema "A lingua da Terra"]

«Poemas bestas e outros bechos» é o poemario *irmán maior* de «Bechopoemas e outras bestas» (KALANDRAKA), galardoado co Premio Euskadi de Literatura 2017, o Premio Kirico 2019 ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil, e o 3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2019 na mesma. Xuntos forman unha proposta poética global na que esta segunda parte dá un paso máis elevando o nivel de lectura.

Os protagonistas volven a ser criaturas que habitan na terra, na auga e no aire. A rima lúdica e o ritmo pegadizo destas composicións invitan a ser recitadas e cantadas colectivamente, en familia ou nas aulas. Estes versos adaptados polo tradutor Isaac Xubín destacan pola súa musicalidade, as onomatopeas e os xogos de palabras a base de diálogos poéticos, concatenacións, acrósticos, repeticións e outros recursos literarios. A diversión e o sentido festivo da poesía están servidos nestas páxinas, que tamén presentan aspectos da vida cotiá con imaxinación, enxeño e sentido do humor.

As ilustracións son un insólito e original colaxe con aplicacións de papel, tipografías, fotos, pegadas dactilares, manchas de intenso colorido que contrastan co bitono predominante, debuxos e borranchos elaborados con lapis de cores que transforman e descontextualizan os obxectos ata extremos surrealistas. Son imaxes de contido simbólico que contribúen a que as lectoras e os lectores desenvolvan a súa creatividade e mesmo participen do proceso artístico deste peculiar bestiario.



- **Temática:** poemas lúdicos protagonizados por animais diversos.
- **Idade recomendada:** dende 6 anos.
- **Aspectos destacables:** continuación de «[Bechopoemas e outras bestas](#)» (3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2019, entre outros); fauna, medio natural; colaxe, creatividade, imaxinación; bestiario.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/poemas-bestas-g>

Leire Bilbao

(Ondarroa, Bizkaia, 1978)

Licenciada en Dereito Económico pola Universidade de Deusto, dende a súa mocidade estivo vencellada ao mundo do *bertsolarismo*. Dende o poemario «Ezkatak», en 2006, publicou numerosos libros para público infantil. A súa obra para adultos foi traducida a varias linguas, forma parte de diversas antoloxías e algunhas das súas composicións foron musicalizadas. O recoñecemento máis destacado da súa traxectoria é o Premio Euskadi de Literatura 2017 por «Bechopoemas e outras bestas» (*Xomorropoemak* en euskara, publicado por Pamiela).

Maite Mutuberria

(Eltzaburu, Navarra, 1985)

Licenciada en Comunicación Audiovisual e graduada en Ilustración. Dedicase a ilustrar carteis e libros para nenos e aultos. Entre as súas obras destacan o álbum ilustrado «Pico chico», «Enorme suciedad» ou as ilustracións de «[Arbolidades](#)» (Premio Cidade de Orihuela 2020). Recibiu, entre outros, o Premio de Xornalismo Ricardo Arregi 2017, o Lazarillo 2014, o Premio Peru Abarka 2014 e el Premio Etxepare 2013.

<http://maitemutuberria.com>

